



Concello de Betanzos
Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA DE DATA 25/06/2019

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal en cumprimento do establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, e no Real Decreto RD 2568/86, do 30 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria extraordinaria organizativa que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 25 de xuño as 20.30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA** para a devandita sesión:

1º.- **DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DE DATA 18/06/2019 DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIONS DE ALCALDIA EN CONCELEIROS, E DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

2º.- **DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS, DOS SEUS INTEGRANTES E VOCEIROS.**

3º.- **DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

4º.- **DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

5º.- **CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA XUNTA DE VOCEIROS**

6º.-**DESIGNACION DOS MEMBROS DAS MESAS DE CONTRATACION**

7º.- **APROBACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACION A GRUPOS POLITICOS**



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

8º.- RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO.

9º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO.

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 04/10/2018)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

María Barral Varela

Rafael del Barrio Berbel